

## ACTA N° 15/2012

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2012.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Aprobación definitiva Estudo de Detalle da Urbanización Residencial Golf Domaio.
- 4º.- Modificación de crédito 19.1/2012 por transferencia entre aplicacións pertencente a diferentes áreas de gasto.
- 5º.- Recoñecemento extraxudicial: Factura nº 37, de Andrés Pérez Pérez, pendente de pago derivada do RD Lei 4/2012.
- 6.- Moción do Grupo Municipal do BNG para impedir a perda do poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos afectados polo Decreto 20/2012.
- 7º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

Dna. Rosa Solla Veiga

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 25 de outubro do 2012, sendo as 20:03 horas, reúnen-se as persoas sinaladas baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe.

## **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 13/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2012.

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 13/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

Seguidamente, o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 14/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 10 de outubro de 2012. (Neste intre accede ao salón de plenos a Concelleira do BNG, Sra. Cruz).

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 14/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 10 de outubro de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

## **2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

O Sr, Millán, Voceiro do BNG, pregunta pola resolución de 28 de setembro sobre a contratación de dous monitores para impartir ximnasia para persoas maiores. A contratación fíxose sen ningún tipo de proceso selectivo, sen probas e en contra do informe da Intervención Municipal, que ven dicir que as contratacións fixéronse a dedo, ademais de discutir a oportunidade da contratación. Contratouse a quen o Alcalde dixo. A resolución afirma que a contratación é urxente, pero ¿onde está a urxencia de contratar o 29 de setembro a dúas persoas cando as clases comezan o 1 de outubro?. Saben que esas actividades comezan sempre o 1 de outubro, a contratación púidose prever con moita antelación. ¿Cales son as razóns de esa urxencia?. En segundo lugar, a resolución afirma que os contratados superaron unha proba selectiva. ¿Onde figura nese expediente o proceso selectivo?. Non houbo tal proceso o que imposibilitou que se puidesen presentar outros aspirantes ás prazas.

O Sr. Alcalde sinala que Pablo García Paredes ven traballando dende febreiro do 2004. Dende o 2 de febreiro ata o 13 de marzo. O segundo contrato, dende o nove de maio ata o 30 de xuño. O terceiro dende o 1 de novembro de 2004 ata o 18 de xullo do 2005.. volveuse contratar o 3 de outubro do 2005 ata o 28 de xullo do 2006. Tamén do 2 de outubro ata o 8 de novembro do 2007 e dende o 1 de outubro do 2010 ata o 30 de xuño do 2011. Finalmente dende o 3 de outubro do 2011 ata o 26 de xullo deste ano. Agora contratouse dende o 1 de outubro ata o 26 de xullo do 2013. Leva moitos anos traballando para o Concello e os asistentes aos cursos trasladaron o seu interese en que se mantivese impartindo as clases á mesma persoa. Estas prácticas tamén se viñeron facendo noutros postos, como os da escola de música. Respecto a Pablo Gestido Costas, estivo traballando para o Concello dende o 1 de outubro do 2009 ata o 26 de xullo do 2010, dende o 1 de outubro do 2010 ata o 30 de xuño do 2011 e dende o 3 de outubro do 2011 ata o 26 de xullo deste ano. É outro dos monitores que está aí. Son persoas que levan anos traballando no Concello. As persoas maiores están contentos con eles. A próxima vez tentaremos que as cousas se fagan ben. Vostede, Sr. Millán, veu facendo o mesmo na escola de música.

O Sr. Millán afirma que é de moi pouca elegancia por parte do Alcalde dar o nome dos traballadores implicados. Todos eses anos foron contratados de maneira legal, non a dedo. Esas persoas conseguiran os seus contratos de maneira legal, nun proceso selectivo no que competiron con outros aspirantes e sendo contratados porque fixeron as cousas mellor que o

resto. Por iso conseguiron eses contratos. Noutras ocasións non o conseguiron e se contrataron a outras persoas. Este ano contratáronse ilegalmente. Os da escola de música pasaron as probas de selección e vostedes contratounos a dedo este ano e o ano pasado. Estas persoas pasaron procesos selectivos con contratos de obra ou servizo. Agardamos que isto non se repita, impediron que outras persoas puidesen participar no proceso selectivo. Este tipo de cousas, hai uns anos, non se podían facer, entre outras cousas porque o comité de persoal tería posto o grito no ceo. Había controis que o impedían. Alcalde, fixo un fraco favor a eses bos profesionais. Se seguimos o mesmo criterio, contrataremos segundo o criterio dos usuarios de cada servizo. Habería que cambiar a normativa de selección. Mentres iso non se faga, teñen que aplicar a lei. Que conste a aclaración en acta. É un acto ilegal. Por unha situación semellante está imputado o alcalde de Vilanova de Arousa. Un caso de prevaricación. Aquí o Alcalde deixouse levar por malas influencias. O sometemento da contratación aos principios de libre concorrència e mediante a superación de probas obxectivas está marcado pola lei.

### **3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDO DE DETALLE DA URBANIZACIÓN RESIDENCIAL GOLF DOMAIO.**

O Sr. Alcalde lee a proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDO DE DETALLE DA URBANIZACIÓN RESIDENCIAL GOLF DOMAIO.**

O día 21 de novembro de dous mil once preséntase no Concello, pola Xunta de Compensación U.E. Residencial Golf Domaio S.A.U. A-7, Estudo de Detalle da urbanización Residencial Golf Domaio, redactado polo arquitecto D. Francisco Márquez Taín.

En data 30 de marzo de dous mil doce o Estudo de Detalle apróbase inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local.

O Estudo de Detalle estivo exposto ao público polo prazo de 20 días, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 83 do 02.05.12, e no Xornal “Faro de Vigo” do 13.04.12, e no citado prazo se presentaron as seguintes alegacións:

- 1) Alegación presentada por Dona M<sup>a</sup> Mercedes Pacheco Paz en representación da sociedade INURGA S.L., nº de rexistro de entrada 3.875 de data 23.05.12.
- 2) Alegación presentada por D. Cándido Martínez Rodríguez en representación do Grupo Ecoloxista LUITA VERDE, nº de rexistro de entrada 3.944 de data 25.05.12.
- 3) Alegación presentada por D. Isidro Blanco Rego en representación das sociedades COMERCIAL DOMAYO S.L. e PROMOCIONES DORES MAR S.L., nº de rexistro de entrada 3.950 de data 25.05.12.
- 4) Alegación presentada pola sociedade rectora GUILLÉN, MATEOS Y LLÓPIZ arquitectos S.L.P., en representación de relación de afectados relacionados, nº de rexistro de entrada 3.948 de data 25.05.12.
- 5) Alegación presentada pola sociedade rectora GUILLÉN, MATEOS Y LLÓPIZ arquitectos S.L.P., en representación de relación de afectados relacionados, nº de rexistro de entrada 3.949 de data 25.05.12.

En data 11 de xullo de dous mil doce os redactores do Estudo de Detalle emiten informe sobre as alegacións presentadas no período de exposición pública.

En data 27 de setembro de dous mil doce, a Asistencia técnica Municipal emite informe sobre o contido das alegacións.

O 18 de outubro a Secretaría Municipal emite informe.

En virtude dos citados antecedentes, e á vista dos informes da Asistencia Técnica e da Secretaría Municipal, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite e desestimar a alegación presentada por Dona M<sup>a</sup> Mercedes Pacheco Paz en representación da sociedade INURGA S.L., nº de rexistro de entrada 3.875 de data 23.05.12, de acordo cos informes obrantes no expediente, e conforme a istos por entender que o presente Estudo de Detalle non determina as alturas, edificabilidade ou número de plantas permitidas senón que tales determinacións corresponden ao Plan Parcial.

SEGUNDO.- Admitir a trámite e desestimar a alegación presentada por D. Cándido Martínez Rodríguez en representación do Grupo Ecoloxista LUITA VERDE, nº de rexistro de entrada 3.944 de data 25.05.12, de acordo cos informes obrantes no expediente, e conforme a istos, que a alegación non ten como obxecto cuestión referida propiamente ao Estudo de detalle, senón á resolución dun recurso previo interposto contra o proxecto de urbanización.

TERCEIRO.- Admitir a trámite e desestimar a alegación presentada por D. Isidro Blanco Rego en representación das sociedades COMERCIAL DOMAYO S.L. e PROMOCIONES DORES MAR S.L., nº de rexistro de entrada 3.950 de data 25.05.12., por entender que a falta de notificación da aprobación inicial do Estudo de detalle non produxo indefensión pola presentación efectiva da alegación presentada e por entender suficiente a publicación da aprobación inicial en boletíns, desestimando asemesmo a alegación por entender que o Estudo de detalle non modificou a configuración ou superficies nin os lindeiros das parcelas, a parcelación establecida ou viais, de acordo cos informes obrantes no expediente.

CUARTO.- Admitir a trámite e estimar parcialmente a alegación presentada por pola sociedade rectora GUILLÉN, MATEOS Y LLÓPIZ arquitectos S.L.P., en representación de relación de afectados relacionados, nº de rexistro de entrada 3.948 de data 25.05.12., por entender procedente respectar a tipoloxía das vivendas “adosadas” nas vivendas con licenza nas parcelas B. 5.12 a B.5.43, inclusive, deixando a criterio do redactor do Estudo de detalle a composición da tipoloxía das parcelas B.5.1 a B.5.11, inclusive, e respectando a rasante de referencia resultante da modificación da rasante do linde posterior das parcelas B5.12 a B5.43. Finalmente, acórdase igualmente, respectar a edificabilidade das vivendas con licenza a que se refire a alegación pero debendo construír ao seu cargo o muro de contención para obter licenza de 1<sup>a</sup> ocupación. Todo ilo, de acordo cos informes obrantes no expediente.

QUINTO.- Admitir a trámite e desestimar a alegación presentada pola sociedade rectora GUILLÉN, MATEOS Y LLÓPIZ arquitectos S.L.P., en representación de relación de afectados relacionados, nº de rexistro de entrada 3.949 de data 25.05.12, por entender que non é preceptiva a publicación do texto das ordenanzas particulares sendo aprobadas pola Comisión Superior de Urbanismo, e porque que o cómputo da edificabilidade se rexe polo previsto nestas Ordenanzas particulares, sen que mediante o proceso de aprobación do Estudo de detalle se habilite un trámite de modificación. Igualmente, por entender que non hai contradicción entre o Estudo de detalle e as ordenanzas xerais do Plan Parcial

considerando a distancia da rasante de referencia e o techo da planta de semisoto a efectos de cómputo da edificabilidade. Desestimar a alegación, ademais, por entender que o Plan Parcial está publicado na páx. Web da Consellería e finalmente desestimala por entender, respecto das licenzas de edificación concedidas e referidas na alegación, que se deben respectar por non ter a eficacia da norma efecto retroactivo, suxeitándose as novas licenzas de edificación que se concedan ao texto definitivamente aprobado pola Comisión Superior de Urbanismo en data 12 de febreiro de 1993, todo ilo segundo os informes obrantes no expediente.

SEXTO.- Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle da urbanización Residencial Golf Domaio, redactado polo arquitecto D. Francisco Márquez Taín.

SÉTIMO.- Proceder a publicación da aprobación definitiva do Estudo de Detalle no D.O.G. e no B.O.P. e remitindo copia de dous exemplares do Estudo de Detalle á Consellería competente, debidamente dilixenciadas polo Secretario da Corporación.”

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a proposta ditaminada en Comisión informativa sobre a aprobación definitiva do Estudo de Detalle da urbanización residencial Golf Domaio, aprobándose polo resultado de oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG, e dúas dos Concelleiros do PSG-PSOE.

#### **4º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19.1/2012 POR TRANSFERENCIA ENTRE APLICACIONES PERTENCENTE A DIFERENTES ÁREAS DE GASTO.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto que ano tras ano celébrase no Concello de Moaña a Liga ACT (Regata de Traineras) e a Bandeira Concello de Moaña de traíñas, tendo en conta que nesta data non existe crédito suficiente para a imputación dos gastos derivados da súa organización, faise precisa unha modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito para a imputación dos gastos derivados da súa organización (23.758€). Tendo en conta, ademais, que o Concello Pleno, sesión celebrada o 26 de abril de 2012, aprobou unha moción, na que se comprometía o apoio do Concello de Moaña á celebración das competicións de remo da Liga ACT e da Liga do Noroeste 2012.

Visto o anterior, e sendo preciso dotar crédito co obxecto de dar cobertura orzamentaria aos gastos derivados da organización da liga ACT 2012 e da Bandeira Concello de Moaña 2012, faise precisa a modificación de créditos do Orzamento do Concello baixo a modalidade de transferencia de créditos.

Visto que con data 18 de outubro de 2012 emitiuse informe pola intervención municipal.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 179.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o órgano competente para á aprobación do expediente de modificación de crédito é o Pleno.

Visto o anterior, propónse a adopción polo Pleno do seguinte acordo.

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º19.1/2012, na modalidade de Transferencia de crédito 1/2012 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 23.758,00€.

De acordo co seguinte detalle:

**a) Partidas que ceden crédito.**

Partida	Destino	Crédito a ceder
9120.48100	Gastos funcionamento grupos políticos	18.671,09
1550.61110	Mellora de camiños públicos	5.086,91

**b) Partidas que reciben crédito.**

Partida	Destino	Crédito a recibir
3410.22619	Organización liga ACT e Bandeira Concello de Moaña	23.758,00

**SEGUNDO.** Expoñer este expediente o público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non presentaran reclamacións; en caso contrario, el Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, di que procede reiterar o xa comentado no Pleno anterior. Non queremos atrancar e impedir que os clubs de remo poidan cobrar. Máis cando nós os animamos a que organizasen as bandeiras. Pero queremos amosar a nosa disconformidade ca tramitación destes expedientes. Debérono tramitar hai tempo e evitar que os directivos dos clubs tivesen que adiantar cartos do seu peto. A deficiente tramitación determina que nos absteñamos na votación. En segundo lugar, este Goberno está a traballar cuns orzamentos prorrogados do 2011. Uns orzamentos que o Sr. Alcalde rompeu en Pleno, e que respondían a unha situación moi diferente á actual. Cada mes que pasa increméntanse en cen mil euros as facturas que non se poden pagar.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que é a segunda vez que se trae este asunto a Pleno. O BNG mostrou o seu rexeitamento á aprobación porque na anterior ocasión ía vinculado a unha transferencia entre funcionais de moito maior calado e afectando a recursos que non se deben tocar. Novamente, temos que ser os grupos da oposición os que teñamos que sacar as castañas do lume a este goberno municipal e arreglar os seus descosidos. Cando se aprobou en Pleno a moción que presentou o BNG, e como debería terse feito, sen que lles preocupase, deberon reter o crédito necesario para poder proceder á tramitación dos dous convenios cos clubs. Iso garantiría contar con crédito unha vez celebradas as probas. Púidose tramitar correctamente. Non entendo por qué non o fixeron pero si saíron no periódico dicindo que o asunto estaba solucionado. Atopámonos agora nesta situación. Apoiamos a proposta porque adquiriron o compromiso e houbo persoas que tiveron que sacar cartos do seu peto para

afrontar os gastos. Esta é a segunda vez que este Goberno participa na organización e é a segunda vez que pasa isto. Por favor, sei ca non hai ser humano que tropece tres veces na mesma pedra. Non volvan tropezar o ano que ven, tendo que acudir a Pleno a recabar a nosa axuda polo mal feito.

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, sinala que o anterior goberno facía os orzamentos para os clubs de remo, para a traineriña, pero non para os competicións principais e ademais deixaban as facturas pendentes de un ano para outro.

O Sr. Millán afirma que o goberno anterior participou na organización de arredor de cincuenta e oito bandeiras. Non nos digan o que fixemos. Puido haber de todo. Nós tivemos que salvar catro. Respecto de cómo se organiza o pago, pode diferir, ser diferente. Mediante convenio, mediante a aprobación de factura, según distintos condicionantes da organización pero nunca reclamando a axuda do Partido Popular.

O Sr. Freire responde que non a precisaron porque tiñan maioría.

O Sr. Millán responde que iso mesmo. Deberían saber que gobernan en minoría.

O Sr. Pastoriza afirma que o anterior goberno dotou a Moaña de envexables dotacións deportivas. Está mal que digan que deixamos facturas pendentes de pagar. ¿Hai facturas pendentes? Temos as instalacións deportivas máis envexadas da comarca e diría que da provincia.

O Sr. Santomé, Concelleiro Delegado de Deportes sinala que como ve que a oposición vai apoiar a proposta todo o demais é unha graza. Non vos riades. Sodes ben políticos. Estamos todos de acordo.

O Sr. Millán afirma que o Sr. Santomé é alomenos tan político coma eles.

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta ditaminada sobre modificación de crédito 19.1/2012 por transferencia entre aplicacións pertencente a diferentes áreas de gasto, quedando aprobada por quince votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e sete dos Concelleiros do BNG, e dúas abstencións, dos Concelleiros do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º19.1/2012, na modalidade de Transferencia de crédito 1/2012 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 23.758,00€.

De acordo co seguinte detalle:

**a) Partidas que ceden crédito.**

Partida	Destino	Crédito a ceder
9120.48100	Gastos funcionamento grupos políticos	18.671,09
1550.61110	Mellora de camiños públicos	5.086,91

**b) Partidas que reciben crédito.**

Partida	Destino	Crédito a recibir
3410.22619	Organización liga ACT e Bandeira Concello de Moaña	23.758,00

**SEGUNDO.** Expoñer este expediente o público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerárase

definitivamente aprobado si durante o citado prazo non presentaran reclamacións; en caso contrario, el Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**5º.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL: FACTURA Nº 37, DE ANDRÉS PÉREZ PÉREZ, PENDENTE DE PAGO DERIVADA DO RD LEI 4/2012.**

O Sr. Alcalde da lectura á proposta ditaminada en Comisión Informativa:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto que de acordo co establecido no Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determina nas obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para ao pago aos provedores das entidades locais, o Concello, en data 15 de marzo de 2012, remitiu o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, unha relación certificada de todas as obrigas pendentes de pago.

Visto dita relación certificada incluía unha factura de Andrés Pérez Pérez que por erro foi remitida a nome doutro terceiro, e que co fin de dita factura non fora aceptada e posteriormente aboada polo ICO a un provedor equivocado, procedeuse polo concello á súa anulación provisional no período que tiveron as Entidades Locais para introducir modificacións nos datos dispoñibles na aplicación de xestión de facturas (por duplicidades, endosos, rexeitamento por pagos realizados, facturas conflictivas, ...).

Visto que na 2ª fase do procedemento, Andrés Pérez Pérez presentou a solicitude de aceptación voluntaria de acollerse o plan de pagos a provedores, procedendo o Concello a realizar a aceptación no seu nome, corrixindo previamente os datos erróneos. Imprímese o recibo de presentación da aceptación.

Visto que, rematado o prazo, na relación de facturas que o ICO nos indica que van a ser pagadas, non figura a factura de Andrés Pérez Pérez nº 37, comprobamos que no proceso de aceptación, non se modificou o campo denominado *Estado*, no que figuraba a indicación de *anulada*, sen que a aplicación de xestión de facturas nos indicara o erro (situación: aceptación manifestada; estado: anulada).

Visto que dita factura debería haber sido pagada dentro do mecanismo de pago a provedores e que por un erro a introducir os datos na aplicación de xestión de facturas non foi así. Tendo en conta que o gasto obxecto desta factura foi realizado no ano 2011, quedando acreditada a efectiva realización do gasto e que existe crédito suficiente o que imputar o mesmo na aplicación 3210.63200 do orzamento de gasto para o 2012, o procedemento axeitado para a súa imputación e posterior pago é o de recoñecemento extrajudicial de créditos.

Visto o informe da intervención municipal de data 19 de outubro de 2012.

Visto o anterior, e coa finalidade de poder imputar o orzamento a obriga pendente para proceder posteriormente o seu pago, e así emendar o dano ocasionado o non ser abonada dita factura dentro do mecanismo de pago a provedores é necesario o recoñecemento extraxudicial de dita factura.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 60.2 do RD 500/1990, o órgano competente para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos é o Pleno.

Visto o anterior, propónse a adopción polo Pleno do seguinte acordo.

## ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer a obriga derivada da factura pendente de recoñecer que se presenta a Pleno, por importe de 3.687,20€, imputando o gasto, á aplicación do orzamento corrente 3210.63200.

PROVEDOR	Nº FACTURA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Andrés Pérez Pérez	37	3210.63200	3.687,20

Non se suscitan intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de recoñecemento extraxudicial: Factura Nº 37, de Andrés Pérez Pérez pendente de pago e derivada do RD Lei 4/2012, aprobándose por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG, e dúas dos Concelleiros do PSG-PSOE, co seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer a obriga derivada da factura pendente de recoñecer que se presenta a Pleno, por importe de 3.687,20€, imputando o gasto, á aplicación do orzamento corrente 3210.63200.

PROVEDOR	Nº FACTURA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Andrés Pérez Pérez	37	3210.63200	3.687,20

O Sr. Pastoriza afirma que quere informar que o feito de que faciliten a aprobación desta proposta non contradí o que afirmou no anterior Pleno respecto do de non facilitar a aprobación de propostas de contido económico ata que non houberse novos orzamentos. Unicamente damos resposta ao sinalado no informe da Intervención Municipal, que fala de un erro na tramitación da factura.

O Sr. Alcalde afirma que os Concelleiros terán a oportunidade de consultar os novos orzamentos. Espero que se poidan presentar en breve. Co que levamos visto quero expresar o meu agradecemento ao apoio que dades neste difícil situación que estamos a vivir. Son tempos importantes para traballar en equipo, de moita responsabilidade e dedicación para poder saír adiante nesta situación. Os orzamentos están listos e presentaranse en breve para posibles aportacións de todos.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA IMPEDIR A PERDA DO PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012.**

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, afirma que o seu Grupo trae esta moción na defensa dos dereitos dos traballadores. Ante a presentación do Decreto 20/2012 de 13 de xullo que obriga á redución salarial da paga dos empregados públicos. Supón un ataque aos traballadores e supónlles unha perda de poder adquisitivo por algo do que non son culpables, culpabilidade que habería que busca no sector financeiro. O Decreto atende a unha falsa austeridade e vai supor unha restricción do consumo. O comercio local vaise resentir aínda máis, debemos opoñernos a ese recorte de dereitos dos traballadores. Noutros concellos, temos o exemplo cercano de Cangas e Bueu, estanse a tomar medidas e sen necesidade de incumprir a lei, en moitos casos mediante a compensación vía comemento de produtividade. (Seguidamente a Sra. Martínez da lectura ao texto da moción):

### **“MOCIÓN PARA IMPEDIR A PERDA DO PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE, ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.

Até o de agora, o “programa de reformas” executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos de crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias élites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que “as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos”, asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e empregados públicos, a redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

## ACORDOS

- 1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.**
- 2. Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.**
- 3. Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía (ou Xunta de Goberno Local, segundo proceda) a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.”**

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que vai ser breve. Subscribimos o contido da moción. Está falado co comité de empresa. O Goberno opta por meter a man na paga extra dos funcionarios. Hai que tentar conseguir que esta moción se leve a cabo en calquer circunstancia.

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Persoal sinala que non vai descubrir o problema económico do país. Imos tentar resumir en dúas cifras o grave problema económico do país: No ano 2011 as administracións públicas gastaron noventa e un mil trescentos corenta e catro millóns de euros máis do que ingresaron. Por outra parte, España ten unha débeda externa de novecentos mil millóns de euros. O que se debe é moito e hai que devolvelo, xa que é moi difícil ou imposible que nos presten ou financien. Como representantes dos veciños temos a obriga de actuar para recuperar a economía e crear postos de traballo. Recoñecemos que non é agradable nin cómodo, pero estamos obrigados a reducir gastos e aumentar ingresos, non é unha opción, é que non se pode facer outra cousa. Estamos nun momento onde máis precisamos de rigor e sensatez. Sabemos que para o goberno é difícil, ao igual que lle sería no seu momento ao goberno de Zapatero que recortou o dereito ao traballo ata chegar a deixarnos unha herdanza de cinco millóns de parados. Neste momento e, polo ben de todos, estamos obrigados a estar á altura da gravidade da situación, e elevar o sentido da responsabilidade. As medidas sabemos que son drásticas e dolorosas pero é única opción para o goberno do PP xa que chegou ao goberno do Estado e atopouse ca grave situación de cinco millóns de persoas en situación de desemprego e unha débeda que sumaba os oitocentos mil euros das diferentes administracións públicas. A gravidade da situación urxe a colaboración e sacrificio de todos, pois todos compartimos un obxectivo común que é ter futuro por nós e as xeracións vindeiras. Pídese un esforzo aos funcionarios, non é prato de boa mesa, como tampouco o debeu ser para o Sr. Zapatero baixarlle o soldo cando o fixo. Pero hai unha diferenza, mentras a rebaixa salarial foi permanente e definitiva, a medida de agora é temporal e en Galicia, segundo a normativa xa aprobada e en vigor, recuperable na mesma forma de retribución que o salario. Garantido por lei. Lembrar que aínda que a herdanza que nos deixou o goberno de Zapatero, o PSOE, foi o BNG, quen hoxe presenta esta moción, quen prestou apoio explícito ao goberno de Zapatero, e por ilo pido que actén con rigor e con sensatez e que se dean conta de que as medidas son as necesarias para que a economía reflúa.

O Sr. Pastoriza pide ao Sr. Freire que garde o argumentario para cando teñan que rescatar o país. Ata agora solo rescataron á banca. Os funcionarios non teñen a culpa. As medidas son para quitar o problema das caixas. Agora virá o peor. Gastaron para salvar as caixas. ¿Qué entregamos a cambio?. Sacrificios humanos e pensións.

A Sra. Martínez afirma que respecto do comentado, da única opción que queda, consideramos que a única opción é a través de unha reforma fiscal, non co recorte dos dereitos dos traballadores. Serían catro mil millóns de euros dos que mil cincocentos millóns se recuperarían a través do IRPF. O comité reuniuse con vostede, Sr. Freire, e dende hai tres meses venlles dicindo que está pendente dos informes e o Alcalde non asiste ás reunións. Noutros concellos estanse a tomar medidas. Están gobernando cos orzamentos prorrogados do 2011, onde se contemplan as pagas extras do persoal e dos xubilados. Pode facerse.

O Sr. Freire di que as leis están para cumprirse.

A Sra. Martínez afirma que estase a facer sen incumprir a lei, con axustes na produtividade.

A Sra. Lores representante do Comité de Persoal, sinala que quere reiterar o xa expresado na última Comisión Informativa de Facenda respecto das medidas a adoptar. O Alcalde dixo que estaban pendentes dos informes de Secretaría e Intervención. Un mes despois seguimos pendentes. Tamén mencionar o rexeitamento do Alcalde para explicar cómo se pode compensar a perda mediante produtividade. Seguimos sen obter resposta. A espera de que nos de unha explicación. Gostariamos saber a súa opinión.

O Sr. Alcalde di que o Concelleiro de Facenda está a consensuar actuacións ao respecto. O que me invade é sentido de responsabilidade. Escoiteivos a vós dentro da mesa que se reúne unha vez ao mes. Cando o BNG presentou a moción pedimos que quedara pendente ata o seguinte Pleno para recabar os informes preceptivos. Ata agora non temos resolto a cuestión de cómo podemos axudarnos. A nosa intención é axudar, a verdade que quede clara. Nós, con independencia do sentido da votación, seguimos a traballar na recuperación desas retribucións.

A Sra. Lores pregunta se as decisións que se adopten van depender do que digan os informes.

O Sr. Alcalde responde que en parte dos informes e en parte da vontade deste Goberno.

A Sra. Martínez sinala que entende que hai unha contradicción entre o afirmado polo Alcalde ca exposición do Concelleiro de Facenda.

O Sr. Alcalde afirma que as súas palabras quedan recollidas na acta.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG para impedir a perda do poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos afectados polo Decreto 20/2012, quedando aprobada polo resultado de nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG, e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, e oito votos en contra, dos Concelleiros do PP, cos seguintes acordos:

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.
2. Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.
3. Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía (ou Xunta de Goberno Local, segundo proceda) a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

## 7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dna. Ana Pastoriza Durán, da Asociación de veciños de Sabaceda, sinala que no Pleno do 9 de agosto aprobouse por unanimidade a retirada do proxecto da variante de Moaña, a circunvalación. ¿Houbo algún avance nese sentido?

O Sr. Alcalde afirma que houbo eleccións autonómicas parouse todo un pouco. Ao Concello non chegou ningún escrito ao respecto.

A Sra. Pastoriza pregunta se hai marxe para as alegacións.

O Sr. Alcalde responde que o que marca a legalidade.

A Sra. Pastoriza afirma que no Regulamento de Participación Vecinal sinálase que poden facilitarse ás asociacións copia gratuita das actas plenarias. Na páxina web do Concello solo hai tres de este ano. ¿Pode actualizarse?.

O Sr. Alcalde responde que entendía que a páxina web estaba actualizada. En calquera caso, podes levar unha copia en papel. Falarei co asenté TIC para que se ocupe diso.

A Sra. Pastoriza sinala que lle comentaron que as actas había que solicitalas por escrito.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma sentirse asombrado polo que escoitou. Pensaba que as actas dos plenos remitíanse de oficio polo Alcaldía ás asociacións veciñais e colectivos de Moaña. Así foi durante seis anos. Escoitei voces moi altas cando non se puideron remitir. É un dereito das asociacións de veciños e unha obriga do Goberno Municipal facerllas chegar.

D. Francisco Ferreira, da Plataforma pola defensa da sanidade pública de Moaña, afirma que o 5 de xullo de 2011, a petición da Plataforma da Sanidade e cumprindo un acordo plenario do goberno anterior, constituíuse a Comisión de Sanidade para o seguimento de dúas infraestruturas sanitarias básicas para os veciños de Moaña: O Centro de Alta Resolución do Morrazo e o novo Centro de Saúde. En xullo 2011 este Goberno municipal recibiu: terreos propiedade do Concello: 2600 m2. en Sixalde, practicamente o 50% do polígono para o Centro de Saúde e 8.819 m2. no Broullón de uso dotacional para o CAR. Tamén recibiu unha Normativa urbanística feita a medida: (Lembremos que o PXOM aprobábase 12 de xullo – coincidencia de datas) no que se inclúe o polígono 11, de SUNC, Sixalde con ficha propia, superficies, aproveitamento e tramitación mediante Plan especial para o Centro de Saúde de Moaña. Por tanto, dábanse todas as condición necesarias para que o Centro de Saúde fose unha realidade a corto prazo. Así o informe municipal de cinco de xullo do 2011 establecía o prazo dun mes para a constitución da xunta de compensación, na que o Concello co segundo propietario tiña xa a maioría, e outro mes máis, para a incorporación do resto de propietarios. Este Informe foi solicitado expresamente polo Alcalde ao Arquitecto Municipal e presentado como folla de ruta na xuntanza daquel 5 de xullo do 2011. Despois de 10 reunións, e transcorrido un ano e medio practicamente, o pasado mes de setembro a Plataforma decidiu abandonar a Comisión por considerar esgotado o prazo máis que razoable para ter resultados prácticos e manifestou que non volvería a mesma a non ser que fora chamada para acreditar que a Xunta de Compensación está constituída e o plan especial en marcha. A día 25 de outubro, a pregunta da Plataforma é: ¿Ten o Goberno Municipal algo que dicir ao respecto?

O Sr. Alcalde afirma que a sanidade é algo máis importante e amplo que o centro de saúde. Respecto do centro de saúde a Plataforma sabe que se está a traballar para acadar acordos cos propietarios. Falando cos técnicos para ver os pasos a seguir. Non hai ano e medio que estamos co centro de saúde e os problemas levan tempo solucionarlos. Non imos abandonar.

Imos seguir. Os propietarios están dispostos a remar para conseguir que se urbanice o solar. Dino tamén o técnico contratado para levar a cabo o proxecto. aínda non hai xunta de compensación creada.

O Sr. Ferreira pide que conste en acta que a 25 de outubro non consta que a xunta de compensación esté constituída.

A Sra. Pastoriza pregunta polo centro de reflexión. Non sabemos nada.

O Sr. Alcalde di que espera que se contestará en breve.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**